



Concello de Cervantes

Á atención de:

- Xerencia da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

ASUNTO: Solicitud urgente de cobertura de prazas vacantes de facultativo médico e enfermaría no Centro de Saúde de San Román e no Centro de Saúde de Doiras.

Dende a Alcaldía do Concello de Cervantes, e no exercicio das competencias de representación da veciñanza, diríxome a vostedes para trasladar a fonda preocupación deste Concello pola situación actual da asistencia sanitaria no noso municipio.

Na actualidade, como teñen coñecemento dende as súas áreas, o centro de saúde de San Román e o Centro de saúde/consultorio de Doiras atópanse cunha carencia significativa de profesionais sanitarios, concretamente pola falta de cobertura das prazas de médico/a e persoal de enfermaría, o que está a provocar unha grave diminución da calidade asistencial e importantes prexuízos para a nosa poboación.

Esta situación afecta especialmente ás persoas maiores, á infancia e ás persoas con mobilidade reducida, que teñen serias dificultades para desprazarse a outros centros sanitarios. A interrupción e falta de facultativos médicos e persoal de enfermaría supón unha vulneración do dereito fundamental á protección da saúde, recollido na normativa vixente.

Por todo o exposto,

SOLICITO:

1. A cobertura inmediata e estable da praza vacante de médico/a no **Centro Saúde de San Román**.
2. A cobertura inmediata e estable da praza vacante de médico/a e persoal de enfermaría no **Centro de saúde/consultorio de Doiras**.
3. O restablecemento completo e permanente do servizo médico nas condicións previas á actual situación de precariedade.
4. Que se adopten medidas estruturais que garantan a continuidade asistencial e eviten futuras interrupcións do servizo.

O Concello de Cervantes manifesta solución urgente e definitiva a esta problemática, que está a xerar unha lóxica alarma social entre a veciñanza.

Sen outro particular, e á espera dunha resposta á maior brevidade posible, reciban un cordial saúdo.

En Cervantes na data da sinatura electrónica á marxe

O Alcalde- Presidente

Benigno Gómez Tadín

